

XERAIS



Edicións Xerais de Galicia, S. A. - Doutor Marañón, 12 - 36211 Vigo - Tlf: 986 214 888 - Fax: 986 20 13 66  
Enderezo electrónico: xerais@xerais.es <http://www.xerais.es>  
Blog Xerais : <http://xerais.blogaliza.org/>

## **A VEIGA É COMO UN TEMPO DISTINTO**

**Eva Moreda**

**XERAIS NARRATIVA (1331301)**

**120 páxinas, NOVELA**

**ISBN: 978-84-9914-233-3**

**P.V.P: 16,15 €**

**NOVIDADES MARZO 2011**



---

**«A VEIGA É COMO UN TEMPO DISTINTO»  
DE EVA MOREDA**

**PREMIO DE CREACIÓN LITERARIA TERRA DE MELIDE 2010**

---

NARRADA CUNHA PROSA ELEGANTE E MEDIDA, ESTA NOVELA RETRATA, DENDE O PUNTO DE VISTA DAS MULLERES, O PERCORRIDO VITAL DUNHA COMUNIDADE DE EMIGRANTES GALEGOS EN LONDRES DURANTE A DÉCADA DE 1960.

Para Elisa dos Barreses e para Gelo o medo comezou en Portobello Road. Tamén alí foi onde retomaron a súa amizade, descubriron o pracer, o valor da liberdade, a música dos Beatles e dos Monkees ou a minisaía de Twiggy. Para eles, dous mozos emigrantes, A Veiga, o seu territorio de orixe, quedara conxelada no mesmo día que a abandonaran, converténdose nun tempo distinto.

Narrada cunha prosa elegante e medida, esta novela retrata, dende o punto de vista das mulleres, o percorrido vital dunha comunidade de emigrantes galegos en Londres durante a década de 1960. Os límites dos vínculos afectivos entre cada un dos seus membros, o amor, a soidade son temas principais dun relato onde o valor das emocións ten un peso decisivo. Mais, tamén, percorren as páxinas da novela as profundas mudanzas sociais que xermolaron na Europa daquel momento, dende o nacemento do movemento de liberación da muller e do sindicalismo feminino ao agromar da música pop e da súa cultura, fenómenos que anos máis tarde tanto influíron nos cambios profundos da sociedade galega.

**Eva Moreda** (A Veiga, 1981) é licenciada en Filoloxía Clásica e Musicoloxía. Realizou traballos nos ámbitos da comunicación, a tradución e a docencia. Debutou na literatura galega en 1997 tras obter o Premio Rúa Nova de Narracións Xuvenís coa novela de tema artúrico *Breogán de Guisamonde, o cabaleiro da gaivota*. Desde entón publicou as novelas *O demo e o profundo mar azul* (Edicións Positivas, 2003); *Singularis Domitilla* (Servizo de Publicacións da USC, 2004), Premio Historias na Universidade; *O país das bestas* (Biblos Clube de Lectores, 2009); *Organoloxía* (Edicións Positivas, 2010), Premio Narrativas Quentes 2010; e *A Veiga é como un tempo distinto* (Xerais 2011), Premio de Creación Literaria Terra de Melide 2010.